

# QUIXOTE

## capítulo XXVI

Autor:

Marcelino de Santiago Viqueira

2005

*ENTRA O POUSADEIRO, ASEXA POLA ESCENA...*

**POUSADEIRO.** - ¿Quen me mandaría a min meterme nestas andrómenas... Sempre pasa o mesmo, non sei onde se puido meter ese trapalleiro.

*REMEXE POLA ESCENA*

Nada, por aquí tampouco está...

*BERRA*

Maese, Maese Pedro...

O publico vai chegar de un momento para outro, e do evento non se responsabiliza ninguén.

*BERRA DE NOVO, MAIS INCOMODADO*

Maese Pedro...

*ROSMANDO*

mala chispa te fenda, ¿sabe-lo que te digo?  
Vai rañala por aí.

*BERRANDO MAIS MAINIÑO*

Dorotea, Dorotea ven axiña, anda Dorotea bonitiña...

*DOROTEA ASEXA TRAS O RETABLO, FAILLE UN AQUEL, POLAS COSTAS, SEN QUE O POUSADEIRO SE DE CONTA, ACUBILLASE TRAS O RETABLO, O POUSADEIRO OLLA POLA ESCENA, NON ATOPA A NINGUÉN. ENTRA UN MANIPULADOR, AMAÑANDO O ARNÉS, TROPEZA CO POUSADEIRO, E LLE CAE UN LIBRO QUE LEVABA BAIIXO O BRAZO.*

**POUSADEIRO.** - Dorotea....¡ai!, pero se non é a Dorotea, e logo, ¿ti quen es?, que...que...¿que cousa es?

**MANIPULADOR.** - *RECOLLENDO O LIBRO*

Eu son un manipulador

**POUSADEIRO.** - ¿Un queee...?

**MANIPULADOR.** - Un manipulador de marionetas, títeres, monicreques, fantoches, bonecos....

**POUSADEIRO.** - ¡Ah! Monicreques como eu e a Dorotea

**MANIPULADOR.** - E como don Quixote, Sancho, Trujamán, Maese Pedro, Gaiferos e Melisendra e tódolos demais personaxes desta obra.

**POUSADEIRO.** - Ou sexa que vostede e un titiriteiro de carne e oso, non como eu que son un personaxe de cartón - pedra, corpo de madeira, e cerebro de serrín...

**MANIPULADOR.** - E lingua de poeta...

**POUSADEIRO.** - Que non lle pareza mal, pero haber si me aquela ben os fíos que a última vez provocáronme unha mala tensión por aquí embaixo, xusto onde os cadrís.

**MANIPULADOR.** - (*APAÑANDO O LIBRO*)

E a min que me conta, reclámelle o

Maese Kukas.

**POUSADEIRO.** - E ¿Onde atopou ese libro?

**MANIPULADOR.** - Estaba a carón dunha fogueira, si non chega a se por min non se salva do lume... De seguro que foi cousa da Inquisición...

**POUSADEIRO.** - ¿E de que vai o libro para que mereza o indulto?

**MANIPULADOR.** - É a segunda parte do Quíxote. Eu andaba na procura do capítulo XXVI porque nel contase o Romance do Señor Don Gaiferos e da súa Dona, a sen par Melisendra...

**POUSADEIRO.** - Un romance... iso era o que me faltaba agora... Deixémonos de lerias, dentro dun bocadiño ten que comezar a función e todo está feito un desastre...

**MANIPULADOR.** - Ai, si Cervantes levantara a cabeza...

**POUSADEIRO.** - *CHEIRANDO.* Leñe, con tanto palique estáseme a queimar o cocido.

*FUXE O POUADEIRO, O MANIPULADOR VAISE TRAS DEL.*

**MANIPULADOR.** - Ei, pousadeiro, espere por min...

*ENTRA DOROTEA AMOLADA*

**DOROTEA.** - Pois si que é unha mágoa, xusto cando me ía enterar de que vai o maldito romance, tense que queimar o cocido,

E agora quedo sen saber quen era ese tal Cibrantés... Cerrantes.... ou como lle chamen?

*ENTRA O SOLDADO, OLLA A MOZA, DILLE CON DESCARO...*

**SOLDADO.** - ¿Que dúbidas atormentan esa cabeciña?

Unha cariña de rosa cun sorriso nos beizos é  
moito mais fermosa...

**DOROTEA.** - Non é nada...

**SOLDADO.** - ¿Como non vai ser nada, pois?

**DOROTEA.** - E que escoitei falar dun tal Cibrantes...

**SOLDADO.** - Quererás dicir "CERVANTES"

Pero, como pode ser que moza tan linda non  
saiba quen foi don Miguel de Cervantes Saavedra...

**DOROTEA.** - Home, non vou lembrar a todo aquel que pasou  
pola pousada... Ai, non sería aquel que foi a vivir a Ourense, o que  
casou coa filla dun paraugueiro...

**SOLDADO.** - ¿Paraugueiro?, non ou non,

Eu ben que o coñecín. Don Miguel foi un dos  
homes mais xeniais do século de Ouro. Escribiu un bo feixe de  
poesías, de teatro, de novelas... Pero eu non o coñecín por eses  
mesteres, senón que foi na galera "Marquesa" onde combatemos  
xuntos na batalla de Lepanto. A pesares de ficar doente loitou  
coma un valente ata que caeu ferido no peito perdendo a man  
esquerda... dende aquela comezaron a chamarlle "O Manco de  
Lepanto". Logo, cando íamos a Italia, a nosa galera foi atacada e  
fomos apresados polos Turcos, que nos levaron presos a Arxel, alí  
estivemos uns cinco anos, tentamos fuxir unhas catro veces, pero a  
sorte non estaba da nosa parte... por hache ou por bes, sempre  
rematabamos presos de novo...don Miguel de Cervantes, tivo de

sufrir o encono do mouro por ser o líder e instigador das fuxidas...  
O cabo de cinco anos pagaron primeiro cincocentos e logo  
douscentos vinte escudos de ouro que pediron polo seu rescate...

Ai, liberdade, liberdade ... Xa de volta no seu  
fogar foi apresado por non sei que asunto da quebra dun banqueiro,  
eu non sei moi ben como foi o intringulis, pero o caso é que foi dar  
cos osos no cárcere de Sevilla, iso aconteceu aló polo ano de mil  
cincocentos noventa e sete... e posiblemente, foi nesa cadea onde  
comezou a escribir o "Quíxote" pero non foi ate o ano de 1605  
cando saíu publicada a 1ª parte ...

*EN TODO ESTE ROLO O SOLDADO DE CANDO EN VEZ, TENTA DE  
MAGREAR A MOZA*

**DOROTEA.** - Ei, soldadiño, ¿non dicías que eras manco?

**SOLDADO.** - Dáme un beixiño, aínda que sexa pequerrechiño...

**DOROTEA.** - ¿Que fas Caifas?

*ENTRA O MANIPULADOR*

**MANIPULADOR.** - Ejem, ejem

**DOROTEA.** - Disimula, que ai mouros pola costa...

*DIRIXINDOSE Ó MANIPULADOR*

Perdoe o meu atrevemento, pero quedei coas  
gañas de saber de que vai o libro que estaba a ler,

**SOLDADO.** - Non incomodes ó señor, pódocho contar eu.

**DOROTEA.** - ¿E que saberás ti do Quíxote, acaso o liches?

**SOLDADO.** - Todo, todo non. Pero, non foi porque eu non quixera..... e que as guerras quitan moito tempo...

**DOROTEA.** - Anda, déixame en paz,

*Ó MANIPULADOR*

Xa sei que son un pouco ignorante pero poderíame ilustrar un pouco de que vai a trama do Quíxote, polo menos para que non se mofen de min.

**MANIPULADOR.** - Na novela do Quíxote da Mancha cóntanse as andanzas dun fidalgo que de tanto ler historias de cabalería revirou, e na súa loucura decidiu ir polos camiños do mundo a facer xustiza na compañía do seu fiel escudeiro Sancho Panza, axudando ós mais desprotexidos, castigando a toda a caterva de malandros.

E loitar loitou contra ós malvados que as mais das veces somentes moraban no seu maxín. E bateu contra muíños de vento que pensou xigantes. Liberou presos condenados a galeras, rapinou o ielmo de Mambrino e conquistou a insua de Barataria, na que puxo de gobernador o seu amigo Sancho Panza...

IMITANDO A DON QUIXOTE

Oh, bela e sen par Dulcinea amor dos meus amores, voto a bríos que ten de comer o po aquel que se atreva a dicir que no mundo existe outra doncela mais fermosa ca miña musa... oh doce Dulcinea do Toboso

**DOROTEA.** - ¿Quen era Dulcinea, a súa namorada?

**MANIPULADOR.** - Era aquela pola que don Quíxote suspiraba decote... todo cabaleiro ten de ter un amor eterno...Pero, Dulcinea non era mais que iso: un soño, en realidade non era outra que unha rapaciña veciña dunha das aldeas fronteiras.

Pobre Don Quíxote non atinaba onde terminaba a realidade e comezaba a fantasía...

**DOROTEA.** - *MELOSA* o romance, fáleme do romance de don Gaiferos e a sen par Melisendra, eu gusto das historias de amor namorado...

**MANIPULADOR.** - Na 2ª parte do Quíxote, no capítulo vinte seis, contase a representación que fixo o Maese Pedro no seu retablo... Xa vos vexo a cara... vos estades a preguntar que cousa é un retablo... ¿Coñecedes os retablos que están nas igrexas?, eses que están cheos de imaxes que representas a vida de santos... pois do mesmo xeito aló



pola idade media certos teatinos onde se representaban vidas de santos ou feitos bíblicos con bonecos articulados chamábanse tamén retablos... e na actualidade se representan con marionetas autos sacramentais, romances e outras lérias. Aos teatinos ambulantes como este que vedes aquí tamén lle din Retablos.

¿A que viña isto? A si, xa lembro... no capítulo XXVI do Quíxote contase con pelos e sinais, como aconteceu a representación do retablo de Don Gaiferos diante de Don Quíxote ... como vos decataredes é contar unha historia dentro doutra historia... como se di no teatro: "O Teatro dentro do teatro", que como sabedes é cando se fai unha representación dunha obriña dentro de outra peza de teatro mais longa...

**DOROTEA.** - Xa, xa...Déixese de lérias e ó grao, que eu quero saber de que vai o retablo do valente Don Gaiferos e a sen par Melisendra.

**MANIPULADOR.** - Esta adaptación musical e escénica con marionetas dun episodio do "*Enxeñoso Cabaleiro don Quíxote da Mancha*" escrito por Don Miguel de Cervantes, xurde do encargo feito pola **Princesa de Polignac** ao

compositor **Manuel de Falla** dunha **ópera para títeres** para ser representada no seu pazo de París, o que aconteceu no ano 1923. E coma anécdota direivos que na primeira representación da ópera, Falla nin dirixiu a orquestra nin tocou ningún instrumento, polo contrario dedicouse a mover os fantoches ¡Bo! xa te vexo a cara de impaciencia por querer saber de que vai a representación do *Retablo de Maese Pedro*.

#### CADRO I :

Acontece na corte de Carlomagno, alí Don Gaiferos fica xogando ao xadrez con Roldán mentres Melisendra está presa en terra de mouros...o Emperador Carlomagno ó ver como Gaiferos non se preocupa por liberar a Melisendra rífalla e obrígalle a ir na súa procura. Don Gaiferos despois de disputar con Roldan pola súa espada Durindana, vaise o rescate da súa dona a sen par Melisendra...

#### CADRO II

Melisendra está cativa do rei Marsilio, un morito namorado dálle un bico a traizón, Melisendra

rexéitao e berra. O rei Marsilio acude xunto a Melisendra que manda prender ó Morito

### CADRO III

Na praza da cidade o moro é azoutado polos gardas de Marsilio.

### CADRO IV

Don Gaiferos cruza os Perineos agalloupando no seu cabalo.

### CADRO V

Don Gaiferos chega o alcázar, Melisendra ó principio non o recoñece, pero Don Gaiferos fala con ela e descóbrese entón ela si o recoñece e foxen os dous a cabalo.

### CADRO VI

O rei Marsilio ó decatarse da fuxida de Melisendra, manda a súa tropa perseguilos... o cabalo de os amantes xa é canso, pronto os mouros vanlles a dar alcance...

### *SOA A CAMPANIÑA*

**MANIPULADOR.** - Escusádeme, pero me reclaman, a función vai comezar...